

O tomador en representación dos seus asegurados, no caso de declaracións de seguros colectivos, e o asegurado, no caso de declaracións de seguro individual, subscriben o presente condicionado e aceptan especificamente as súas condicións limitativas que aparecen salientadas en negra, e reciben neste acto cadansúa copia.

APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL DO TOMADOR

Ref. do seguro colectivo ou ref. seguro individual - (1)

CIF OU NIF

(1) Recoller o núm. de declaración de seguro colectivo ou de declaración de seguro individual.

....., de de

O tomador do seguro
ou o asegurado
SINATURA E SELO

CONDICIÓNS ESPECIAIS DO SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE CEBÁ

De conformidade co Plan anual de seguros de **2015**, aprobado polo Consello de Ministros, garántese o gando vacún explotado para ceba nos termos e para os riscos especificados nestas condicións especiais complementarias das condicións xerais dos seguros pecuarios, das que este anexo é parte integrante.

PRIMEIRA - GARANTÍAS

Cóbreuse, nos termos previstos neste condicionado, os danos que sufran os animais de ceba cando sexan consecuencia das garantías contratadas.

OPCIÓNS BÁSICAS:

OPCIÓN A

Cóbreuse, cun capital garantido do 100 % do capital asegurado, a morte a consecuencia de:

- Incendio
- Inundación
- Raio
- Esmagamento por derrubamento
- Intoxicación

Cando afecte polo menos catro animais.

Ademais, compensa:

1. Pola morte e os sacrificios obrigatorios decretados pola autoridade competente debidos á aparición de febre aftosa, oficialmente declarada, coa compensación por animal prevista no apéndice II.

2. Polo tempo no que, durante o período de vixencia do seguro, permanezan os animais inmobilizados obrigatoriamente na explotación, ata un máximo de 17 semanas por todo o período. Será requisito indispensable que a inmobilización fose decretada pola autoridade competente, ben por estar na zona de vixilancia ou protección respecto dun foco de febre aftosa ou ben como medida cautelar ante a súa sospeita.

A indemnización consistirá na compensación económica por animal e semana completa de inmobilización prevista no apéndice II; os días que non completen unha semana contarán como unha semana máis.

OPCIÓN B

Coas mesmas coberturas da opción A, pero cun capital garantido do 50% do capital asegurado, como se describe na condición especial sexta.

Poderase asegurar esta garantía cando o número de libros de rexistro de explotación asegurados sexa superior a 9.

OPCIÓN C

Coas mesmas coberturas da opción A, pero cun capital garantido do 25% do capital asegurado, como se describe na condición especial sexta.

Poderase asegurar esta garantía cando o número de libros de rexistro de explotación asegurados sexa superior a 19.

OPCIÓN D

Cun capital garantido do 100% do capital asegurado, cóbrese a morte de animais por causas alleas á vontade humana que, no momento do contrato e ata a toma de efecto das garantías, estean en bo estado de saúde que indique que chegarán a cumprir os fins económicos propios da explotación de ceba.

Ademais, compénsase polas mesmas causas e nas mesmas condicións ao descrito nos puntos 1 e 2 da opción A, referente á febre aftosa.

GARANTÍAS ADICIONAIS

1. PERDA DA CUALIFICACIÓN SANITARIA DE SANEAMENTO:

Esta garantía adicional poderase contratar con calquera das garantías opcionais anteriormente descritas.

Só poderán contratala os cebadeiros cualificados como T3 e B3 ou T3 e B4.

Cobertura:

Compensa semanalmente pola perda de cualificación sanitaria dos cebadeiros, ata un máximo de 19 semanas, co 0,42 % do valor unitario escollido polo asegurado, para cada animal da explotación.

Ao contratar o seguro, o tomador ou o asegurado deberá declarar a cualificación sanitaria en vigor.

O tomador ou o asegurado deberá, no prazo de 24 horas, comunicar a AGROSEGURO a existencia de calquera comunicación oficial de resultado positivo a saneamento, e considerarse como data de sinistro para esta garantía a da comunicación oficial.

Exclusións a esta garantía adicional:

- **O resultado de probas realizadas antes da data da contratación.**
- **As explotacións sancionadas pola Administración por incumprimento sanitario referente ás enfermidades de saneamento.**

2. BROTE DE MORTALDADE:

Esta garantía adicional poderase contratar coas garantías básicas A, B ou C, non coa D.

Para este seguro entenderase por brote de mortalidade o incremento da mortalidade dos animais da explotación, nun período de 8 semanas, que supoña cando menos 3,5 veces a mortalidade habitual da explotación, deberá afectar cando menos o 2 % do censo de animais e superar un mínimo de 6 animais mortos, por causas non cubertas nas opcións básicas A, B ou C.

Para dar comezo á cobertura de brote de mortalidade, o asegurado deberá dar aviso a AGROSEGURO, S. A. cando nos 7 días anteriores á comunicación tivese polo menos 4 animais mortos, caso en que se comezará a contar o número de baixas que se vaian producindo nos días seguintes ata completar 8 semanas íntegras, contadas desde a data da primeira baixa (a menor dos 4 primeiros animais mortos).

MORTALIDADE HABITUAL DA EXPLOTACIÓN:

Calcularase cos animais mortos nos 6 meses anteriores á data de entrada en vigor da póliza. O censo será a media aritmética que se obteña dos seis meses anteriores á data de entrada en vigor, calculado ao día 15 de cada mes e obtido do libro de rexistro de explotación.

MORTALIDADE NO PERÍODO DE BROTE:

Calcularase cos animais mortos no período considerado e como censo tomarase o censo na data de inicio do período (data da primeira baixa considerada).

Limitacións desta garantía.

A garantía de brote de mortalidade extinguirase co primeiro episodio de brote comunicado e comprobado, polo que só se cubrirá un brote por libro de rexistro de explotación.

As coberturas desta garantía, unha vez extinguida, poderanse renovar unha soa vez polo período restante ata o vencemento da póliza, co pagamento da prima correspondente, contratando de novo a garantía.

LIMITACIÓNS E EXCLUSIÓNS QUE AFECTAN AS GARANTÍAS DO SEGURO

LIMITACIÓNS:

Ás coberturas de febre aftosa:

- **Non terán cobertura as consecuencias de probas sanitarias iniciadas con anterioridade á toma de efecto do seguro.**
- **A compensación por inmovilización cubrirá, como máximo, 17 semanas.**

- Ocorrido o sinistro, a autoridade competente, ao abeiro da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, comunicará oficialmente ao asegurado, segundo proceda:
 - ✓ Que a causa das mortes é debida a febre aftosa ou
 - ✓ Que o sacrificio obrigatorio ou a inmovilización se ordenan por motivos cautelares ou preventivos relacionados con febre aftosa; no caso de inmovilización, a comunicación oficial especificará o día no que se inicia.
- Para a declaración de sinistro será requisito necesario e suficiente que o asegurado traslade a Agroseguro a documentación oficial anteriormente referida.
- Non se cubrirá o tempo de inmovilización se é inferior a 20 días completos.
- Por motivos de bioseguridade, Agroseguro procurará que as actuacións periciais relacionadas con febre aftosa sexan de carácter documental ou informático, requirirá tanta información precise para a correcta resolución pericial e evitará, no posible, presentarse nas explotacións gandeiras afectadas.

EXCLUSIÓNS:

Ademais das previstas na condición cuarta das xerais, establécense as seguintes exclusións de cobertura:

1. A morte de animais por procesos que leven á súa desnutrición acusada, nos que a prescrición e o tratamento correspondente non estean debidamente cubertos, no tempo e na forma que procedan, no rexistro de tratamentos definido no artigo 8 do Real decreto 1749/1998.
2. A morte de animais tarados, deficientemente desenvolvidos para a súa idade e/ou con lesións de decúbito prolongado.
3. A morte de animais de raza de lida de menos de 102 semanas e máis de 206 semanas, e a morte de animais de calquera outra raza, que non sexa de lida, de menos de 8 semanas e máis de 104 semanas.
4. A morte de animais que non fosen convenientemente desparasitados e vacinados de SRB (IBR, BVD, PI3 e BRSV), enterotoxemia e carbúnculo.
5. A comprobación do sinistro realizaraa en todos os casos un técnico desprazado para o efecto por AGROSEGURO para o exame do animal ou dos seus restos na explotación. Non será indemnizable calquera sinistro no que non se realizase esta comprobación. Exceptúanse os casos nos que exista un pacto expreso previo por escrito ante comunicacións de sinistro.
En ningún caso se admitirá a acreditación do sinistro por terceiros.
6. Non estarán garantidos os animais que non estean correctamente identificados e inscritos no libro de rexistro da explotación.
7. Non estará garantida a morte por calquera das enfermidades incluídas nas listas do código zoonosanitario internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE), excepto o carbúnculo, o SRB e a febre aftosa.

SEGUNDA - ÁMBITO DE APLICACIÓN DO SEGURO

O ámbito de aplicación deste seguro esténdese a todas as explotacións asegurables nesta modalidade de seguro do territorio nacional.

TERCEIRA - TITULAR DO SEGURO

O titular do seguro será o titular da explotación ou da subexplotación que figure no seu código REGA. Igualmente, poderá ser titular da póliza toda aquela persoa, física ou xurídica, que, tendo interese no ben asegurable, figure nalgún apartado do devandito código REGA ou no Rexistro individual de identificación animal (RIIA). No caso de que a explotación estea formada polos códigos REGA de varios titulares, os asegurados serán todos e, mediante o documento correspondente, designarán de entre eles quen terá que representalos para os efectos do seguro, facendo que figure en primeiro lugar na declaración do seguro.

Non poderán subscribir o seguro os tratantes ou operadores comerciais (**calquera persoa física ou xurídica rexistrada na actividade, ou dedicada directa ou indirectamente á compra e venda de animais con fins comerciais inmediatos, que ten unha cifra de negocio regular con estes animais e que, nun prazo máximo de 30 días, despois de adquirir os animais, os vende ou os traslada das primeiras instalacións a outras que non lle pertencen**).

O asegurado ou asegurados deberán incluír todas as explotacións de ceba de vacún que posúan no territorio nacional nunha única declaración de seguro.

CUARTA - EXPLOTACIÓNS ASEGURABLES

Terán condición de explotacións asegurables, no ámbito de aplicación do seguro, todas aquelas que teñan asignado un código de explotación segundo establece o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras (REGA), e cumbran o establecido no Real decreto 1980/1998 e as súas modificacións; polo tanto, identifican individualmente as súas reses vacúas e rexístranas no(s) libro(s) de rexistro de explotación, dilixenciado(s), que manteñen actualizado(s).

Na póliza figurarán todos os códigos nacionais asignados polo REGA de todas as explotacións amparadas por esta póliza.

Para os efectos do seguro, defínese como explotación de ceba o conxunto de bens organizados empresarialmente por un ou varios titulares para a engorda de animais vacúns, e que comparten o uso de medios de produción, xa sexan inmobles, man de obra, ferramentas, maquinaria ou subministracións.

A comercialización poderase considerar un medio de produción.

O aseguramento realizarase por explotación, incluído o conxunto de animais que a compoñan, mesmo se pertencen a libros de distintos titulares, requisito sen o que o seguro carecerá de valor ou efecto ningún.

No caso de que a explotación estea formada polos libros de varios titulares, os asegurados serán todos e, mediante o documento correspondente, designarán, de entre eles, quen terá que representalos para os efectos do seguro, e farano figurar en primeiro lugar na declaración do seguro.

Considerarase domicilio da explotación o que figure no libro de rexistro de explotación.

As explotacións obxecto de aseguramento xestionadas por un mesmo gandeiro ou explotadas en común por entidades asociativas agrarias (sociedades agrarias de transformación, cooperativas, etc.), sociedades mercantís (sociedade anónima, limitada, etc.) e comunidades de bens deberán incluírse obrigatoriamente nunha única declaración de seguro.

Tipos de explotación:

– **Para as explotacións que contraten a opción D establécense distintos tipos de explotación segundo que o 90 % ou máis dos animais da explotación cumpra ou non as seguintes condicións:**

A.- Permanecen na explotación 7 ou máis meses.

B.- Teñen como destino o matadoiro.

TIPO 1: Aquelas dedicadas á engorda de animais da especie bovina que cumpren ambas as condicións.

TIPO 2: Aquelas dedicadas á engorda de animais da especie bovina que cumpren só a condición B.

TIPO 3: Aquelas dedicadas á engorda de animais da especie bovina que cumpren só a condición A.

TIPO 4: Aquelas dedicadas á engorda de animais da especie bovina que non cumpren ningunha das condicións.

TIPO 5: Aquelas dedicadas á engorda de animais da especie bovina que cumpren ambas as condicións, contratan para animais de excelente conformación e se acollen ao sistema de valoración II.

TIPO 6: Aquelas dedicadas á engorda de animais da especie bovina que cumpren só a condición B, contratan para animais de excelente conformación e se acollen ao sistema de valoración II.

As explotacións, polo tanto, diferéncianse tamén polo sistema de valoración dos animais sinistrados, segundo se describe nas condicións especiais sexta e décimo cuarta: nas explotacións dos tipos 1, 2, 3 e 4, os animais valoraranse polo sistema de valoración I; nas explotacións dos tipos 5 e 6, os animais valoraranse polo sistema de valoración II.

A conformación dos animais nas explotacións dos tipos 1, 2, 3 e 4 poderá ser calquera das definidas na condición quinta. A conformación que se asegurará para os animais nas explotacións de tipo 5 e 6 deberá ser a excelente.

Para os efectos do seguro, para o cálculo da permanencia en meses, contarase o número de meses e días. Os días que non completen un mes computarán como un mes máis.

A clasificación do tipo de explotación realizarase tendo en conta o destino e a permanencia dos animais nos tres últimos meses.

O cálculo da permanencia farase calculando a porcentaxe de animais que cumpren ou poidan chegar a cumprir o feito de estar na explotación polo menos 7 meses, mediante a seguinte fórmula:

$$100 \times \frac{\text{censo de referencia} - \text{núm. de animais que causaron baixa sen estar 7 meses}}{\text{censo de referencia}}$$

Onde o censo de referencia é o maior de entre o censo real e o censo declarado na póliza.

O destino determínase pola porcentaxe de animais que van ao matadoiro respecto dos animais vendidos: baixas por venda con destino a matadoiro x 100/baixas por venda.

Os asegurados declarararán o tipo que defina a súa explotación e asegurarán todos os animais baixo un mesmo tipo.

Para as explotacións que contraten algunha das opcións A, B ou C establécese un único tipo de explotación, o tipo 7.

Prácticas de bioseguridade:

Para a garantía de febre aftosa beneficiarase de menor taxa a explotación que non importe animais, ben da Unión Europea ou de terceiros países, e contrate as opcións A ou D.

QUINTA - ANIMAIS ASEGURABLES

Son asegurables todos os animais de ambos os dous sexos, **destinados exclusivamente á engorda intensiva para a súa comercialización.**

Para que un animal estea amparado polas garantías do seguro, deberá estar necesariamente identificado a título individual mediante o sistema de identificación e rexistro dos animais que establece o Real decreto 1980/1998 e as súas modificacións, con marcas auriculares e, de ser o caso, co documento de identificación de bovinos. **Non estará asegurada e, consecuentemente, non terá dereito a ser indemnizada ningunha res que, aínda que estea identificada individualmente, non figure inscrita de forma axeitada nalgún dos libros de rexistro de explotación.**

TIPOS DE CONFORMACIÓN

As explotacións diferenciaranse segundo a súa conformación corporal predominante en 3 grupos:

1.- Razas de aptitude cárnica de conformación excelente:

Asturiana dos vales, aubrac, branco azul belga, blonda de Aquitania, rubia galega, charolesa, limousín, fleckvieh, pirenaica, montmelier, gascoa e os cruzamentos destas razas entre si.

2.- Razas de aptitude cárnica de conformación normal:

O resto de razas de aptitude cárnica non citadas anteriormente e todos os cruzamentos non incluídos entre os anteriores, nos que polo menos un dos proxenitores sexa de aptitude cárnica. Exclúese a raza bovina de lida.

3.- Razas de aptitude láctea:

Todas as razas de aptitude láctea e os cruzamentos entre elas.

O asegurado declarará a conformación maioritaria que corresponda á súa explotación e asegurará todos os animais desta baixo ese tipo de conformación.

Cando unha explotación estea formada polos libros de varios titulares, e cada libro teña animais de diferente tipo de conformación, aloxados á parte, poderá cada cal asegurar a conformación que lle corresponda.

4. Raza bovina de lida: baixo esta conformación poderán asegurarse exclusivamente as femias da raza bovina de lida inscritas no rexistro de nacementos do libro xenealóxico desa raza que fosen desbotadas para a reprodución. A idade destes animais oscilará entre 102 e 206 semanas. Só poderán asegurar no “TIPO de explotación 2”. Para asegurar estes animais será necesario posuír instalacións exclusivas e axeitadas para a ceba deste tipo de animais, así como un libro de rexistro de explotación exclusivo para eles.

SEXTA - CAPITAL ASEGURADO, CAPITAL GARANTIDO E COBERTURA

VALOR UNITARIO:

Este valor, **único para todos os animais da explotación**, será o que declare o asegurado dentro do máximo e do mínimo establecido polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. **Corresponderá ao tipo de conformación que declarase o asegurado.**

NÚMERO DE ANIMAIS DA EXPLOTACIÓN:

Número de animais asegurables de cada tipo que o asegurado posúe en cada unha das súas explotacións.

NÚMERO DE ANIMAIS DECLARADOS POLO ASEGURADO:

Número de animais asegurables que o asegurado declara posuír en cada unha das súas explotacións.

Ao subscribir o seguro, o asegurado declarará, co mínimo do que nese momento posúe, o número de animais que terá a súa explotación en calquera momento do período de vixencia do seguro. En todo caso, **para o cálculo das indemnizacións que correspondan aplicarase a corrección das eventuais situacións de infraseguro no xeito sinalado na condición especial sétima.**

CÁLCULO DO VALOR DA EXPLOTACIÓN:

Resulta da suma dos resultados de multiplicar o número de animais asegurables que posúe o asegurado no ámbito de aplicación do seguro polo valor unitario correspondente.

VALOR ASEGURADO DA EXPLOTACIÓN:

O valor asegurado da explotación para os efectos do seguro é a suma dos resultados de multiplicar o número de animais declarados polo asegurado, ao realizar a súa declaración de seguro, polo seu valor unitario.

CAPITAL ASEGURADO DA EXPLOTACIÓN:

O 100 % do valor asegurado da explotación.

CAPITAL GARANTIDO DA EXPLOTACIÓN:

O capital garantido é o límite máximo de indemnizacións percibibles polo asegurado no período de vixencia da póliza.

En función da opción básica elixida e o número de libros de rexistro incluídos na póliza, o capital garantido establécese como unha porcentaxe do valor asegurado da explotación segundo a seguinte táboa:

Opción	A	B	C	D
Número de libros	Calquera	Máis de 9*	Máis de 19*	Calquera
CAPITAL GARANTIDO	100 %	50 %	25%	100 %

* Os asegurados con máis de 9 ou máis de 19 libros incluídos na póliza poderán asegurar, en calquera caso, as opcións de maior capital garantido.

PORCENTAXE DE COBERTURA

É a porcentaxe do valor bruto do animal para aplicar en cada valoración do sinistro. A porcentaxe de cobertura establécese no 100 % do valor bruto do animal en todos os casos excepto para as explotacións que contraten a opción D cos tipos de explotación 1, 2, 3 ou 4, que será do 90 %.

VALOR LÍMITE MÁXIMO PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN:

- **Sistema de valoración I (para os TIPOS de explotación 1, 2, 3, 4 e 7):**

O valor límite máximo para os efectos de indemnización de cada animal resulta de aplicar ao seu valor unitario a porcentaxe establecida na táboa do apéndice I, en función da súa idade e tipo de conformación.

- **Sistema de valoración II (para os TIPOS de explotación 5 e 6)**

Animais de idade igual ou inferior a 27 semanas:

- O valor límite máximo para os efectos de indemnización resulta de aplicar ao seu valor unitario a porcentaxe establecida na táboa do apéndice I.

Os animais de idade superior a 27 semanas e de excelente conformación:

- Valoraranse co 100 % do valor unitario máis a cantidade que resulte de multiplicar os días que o animal pasou na explotación tras cumprir esa idade por 2,5 €, se se escolleu o valor unitario máximo. No caso de escoller un valor unitario inferior, os 2,5 € reduciranse proporcionalmente.
- A valoración non poderá superar a correspondente a 147 días pasados na explotación tras cumprir 27 semanas.

SÉTIMA - MODIFICACIÓNS DO CAPITAL ASEGURADO POR ALTAS E BAIXAS DE ANIMAIS NA EXPLOTACIÓN

O asegurado poderá modificar o capital asegurado ata catro veces ao longo da vixencia do contrato e remitirá ao domicilio social de AGROSEGURO o documento de modificación do capital asegurado.

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR ALTA DE NOVOS ANIMAIS:

Se durante a vixencia do contrato o valor das explotacións incluídas na declaración superase o valor asegurado e a diferenza fose superior ao 7 % do valor das explotacións, o asegurado deberá modificar o capital asegurado axustándoo á nova situación mediante o documento correspondente.

O asegurado deberá actualizar o capital asegurado cando se produza un sacrificio obrigatorio indemnizado de todos os animais da explotación por febre aftosa.

As modificacións por alta de animais que se realicen no período no que exista unha situación que, por risco de febre aftosa, determine a adopción de medidas sanitarias de calquera nivel por parte da Administración non se terán en conta para sinistros debidos a esa enfermidade. Neste caso, o número de animais que se considerarán asegurados será o que tivese no momento previo á situación de alarma.

INFRASEGURO:

Situación na que o valor das explotacións incluídas na declaración é superior ao seu valor asegurado. **Se a diferenza é superior ao 7% do valor das explotacións, á indemnización dos animais sinistrados aplicaráselle a redución proporcional.**

Constatada unha diferenza superior ao 20% do valor das explotacións, Agroseguro procederá á suspensión de garantías. As garantías non volverán tomar efecto ata que o asegurado, mediante unha modificación, non actualice o valor asegurado das explotacións incluídas na declaración.

AGROSEGURO procederá a emitir o recibo da prima correspondente ao período comprendido entre a entrada en vigor da modificación e o vencemento da póliza.

MODIFICACIÓNS DE CAPITAL POR BAIXA DE ANIMAIS:

SOBRESEGURO:

Situación na que o valor asegurado da explotación é superior ao valor da explotación. Cando a diferenza sexa superior ao 7 % do valor da explotación, e debida á baixa de animais por vendas ou mortes que o seguro non cubra, o asegurado poderá solicitar a devolución da prima comercial correspondente ao capital dos animais que causan baixa, e remitirá a Agroseguro o impreso correspondente.

A prima comercial devolta será a correspondente ao período comprendido entre a comunicación da modificación por baixa e o vencemento da póliza.

OITAVA - ENTRADA EN VIGOR E PAGAMENTO DA PRIMA

Período de subscrición:

O tomador do seguro ou o asegurado deberá subscribir a declaración de seguro nos prazos que estableza o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Carecerá de validez e non producirá efecto ningún a declaración cuxa prima non fose pagada polo tomador do seguro dentro dese prazo. **Para aquelas declaracións de seguro que se subscriban no último día do período de subscrición do seguro, considerarase pagamento válido o realizado no seguinte día hábil ao de finalización do prazo de subscrición.**

Pagamento da prima:

A) Ao contado:

Ao realizar, no momento da subscrición da declaración do seguro, un pagamento pola totalidade do importe a cargo do tomador.

Todos os pagamentos serán realizados polo tomador do seguro mediante o ingreso directo ou transferencia bancaria realizada desde calquera entidade de crédito a favor da conta de AGROSEGURO, aberta na entidade de crédito que Agroseguro estableza no momento da contratación.

A data de pagamento será a que figure no xustificante bancario como data do ingreso directo ou data da transferencia. A súa copia deberá acompañar o orixinal da declaración de seguro como proba do pagamento da prima.

Para estes efectos, en ningún caso se entenderá realizado o pagamento cando este se lle efectúe directamente ao mediador de seguros.

Tratándose de seguros colectivos, o tomador, a medida que vaia incluíndo os seus asociados no seguro e subscriba para o efecto as oportunas aplicacións, acreditará o pagamento da parte da prima única ao seu cargo correspondente a esas aplicacións, e achegará por cada remesa que efectúe a copia do xustificante bancario do ingreso realizado.

Para estes efectos, enténdese por data da transferencia a data de recepción da orde de transferencia do tomador na entidade de crédito, sempre que entre esta e a data en que a dita orde fose efectivamente cursada ou executada non medie máis dun día hábil.

No caso de que entre a data de recepción da orde e a do curso efectivo desta pola entidade de crédito medie máis dun día hábil, considerarase como data de pagamento da prima o día hábil anterior á data na que a entidade efectivamente a cursase ou executase.

Ademais, AGROSEGURO aceptará como data da orde de pagamento a do envío da carta certificada ou da recepción do fax nas súas oficinas centrais, incluíndo a copia da orde de transferencia con selo e data da recepción da entidade bancaria, e a relación de aplicacións incluídas neste pagamento co seu importe (remesa de pagamento).

B) Fraccionadamente:

Poderán acollerse a esta modalidade de pagamento os asegurados que cumpran os requisitos establecidos nos documentos de solicitude de pagamento fraccionado (incluídos nos apéndices IV e V), nos que figuran as condicións que rexen este sistema, entre as que se detallan: a contía mínima para poder acollerse, o procedemento para a formalización da solicitude, a forma e períodos de pagamento e as consecuencias do non pagamento.

O asegurado que se acollese a esta modalidade de pagamento fraccionado deberá asinar o correspondente documento de solicitude.

Entrada en vigor:

O seguro entrará en vigor ás cero horas do día seguinte a aquel en que o tomador do seguro pague a prima única, sempre que previa ou simultaneamente se formalizase a declaración de seguro.

A entrada en vigor das modificacións de capital asegurado, notificadas polo asegurado no impreso correspondente, será a data en que AGROSEGURO as reciba no seu domicilio social, c/ Gobelás, 23 – 28023 MADRID.

Para os asegurados que paguen a prima e realicen un novo contrato de seguro nun prazo de 10 días antes ou despois da fin das garantías do seguro de explotación de gando vacún de ceba anterior, considerarase como data de entrada en vigor do novo seguro a do final das garantías do anterior.

Toma de efecto:

A toma de efecto das garantías producirase unha vez concluído o período de carencia.

NOVENA - PERÍODO DE CARENCIA

Establécense os seguintes períodos de carencia en días completos:

I. Para os animais existentes na explotación no momento da formalización do contrato do seguro:

- 1. De 7 días, para a morte por inundación, incendio, raio, esmagamento e intoxicación.**
- 2. De 21 días para a morte, sacrificio obrigatorio e inmovilización por febre aftosa.**
- 3. De 21 días, para o resto de coberturas (10 días para a raza bovina de lida).**

Estes prazos contarán desde as cero horas do día de entrada en vigor do seguro.

II. Para os animais que se incorporen á explotación durante o período de vixencia do seguro:

- 4. De 21 días, contados desde as cero horas do día de entrada en vigor do seguro para a morte, sacrificio obrigatorio e inmovilización por febre aftosa.**
- 5. De 7 días, contados desde o día seguinte ao da súa correcta inscrición no libro de rexistro da explotación, para a morte por inundación, incendio, raio, esmagamento e intoxicación.**
- 6. Para o resto das coberturas, 21 días, contados desde o día seguinte ao da súa correcta inscrición no libro de rexistro da explotación (10 días para a raza bovina de lida).**

As explotacións que sexan aseguradas de novo ata os 10 días seguintes á finalización do contrato anterior non estarán sometidas ao período de carencia do novo seguro para as garantías contratadas na póliza anterior.

Non se aplicará a carencia a aqueles animais procedentes dunha explotación con "seguro de explotación de gando vacún de ceba" vixente na que xa pasasen o período de carencia.

Non se aplicará carencia para ningunha garantía, excepto para as da febre aftosa, aos animais procedentes dunha explotación con "seguro de explotación de gando vacún reprodutor e recría" ou con "seguro de explotación de reprodutores bovinos de aptitude cárnica" vixentes e coa garantía de SRB contratada ou opción 3, respectivamente, pertencentes ao mesmo titular que a explotación de ceba, se pasasen a carencia na explotación de orixe.

DÉCIMA - PERÍODO DE GARANTÍA

As garantías inícianse coa toma de efecto, unha vez finalizado o período de carencia e nunca antes de que os animais estean correctamente identificados e rexistrados, na forma establecida na condición cuarta destas especiais, e rematarán ás 24 horas do día no que faga un ano, contado desde a data de entrada en vigor do seguro e, en todo caso, coa venda ou morte, ou baixa no SITRAN.

As modificacións de capital vencerán o mesmo día no que se produza o vencemento da declaración de seguro inicial.

DÉCIMO PRIMEIRA - OBRIGAS DO TOMADOR OU DO ASEGURADO

Ademais do establecido na condición xeral oitava, o tomador do seguro e asegurado están obrigados a:

- I - Incluir na declaración de seguro a totalidade de animais destinados a ceba de todas as explotacións que posúa no territorio nacional. O incumprimento desta obriga, salvo casos debidamente xustificados, dará lugar á perda do dereito á indemnización.**
- II - O titular do seguro deberá notificarlle á autoridade competente do REGA e do RIIA da súa comunidade autónoma todos os cambios ou modificacións que fosen necesarios para unha correcta identificación da explotación, do titular e dos bens asegurables.**
- III - Manter actualizado(s) o(s) libro(s) de rexistro de explotación, seguindo o establecido no Real decreto 1980/1998 e as súas modificacións. Levarán á suspensión de garantías da declaración do seguro os defectos graves na identificación e inscrición das reses ata que se acredite que o(s) libro(s) de rexistro de explotación está(n) actualizado(s).**
- IV - Permitirlles a AGROSEGURO e aos técnicos por ela designados a inspección en todo momento dos bens asegurados, facilitándolles a entrada nas instalacións das explotacións aseguradas e o acceso á documentación no seu poder en relación con estas, en especial:**
 - * O(s) libro(s) de rexistro de explotación, o documento de identificación de bovinos (DIB) e tamén os documentos adicionais sobre traslados, compras, vendas e sacrificios de animais no matadoiro e as súas certificacións.
 - * O certificado oficial veterinario, ou informe veterinario, expedido polo facultativo implicado no proceso de que se trate. Os gastos orixinados por este motivo corren a cargo do asegurado.
 - * O rexistro de tratamentos veterinarios correctamente dilixenciado e actualizado.
- V - Comunicar todas as circunstancias e incidencias danosas susceptibles de agravar o risco.**
- VI - No caso de que a explotación estea formada por varios libros de varios titulares, corroborar, mediante o documento de adhesión correspondente, a vontade de aseguramento de todos e cada un dos titulares.**

VII - Cando se produza un sinistro debido a febre aftosa, deberá achegar ademais a documentación oficial necesaria para comprobar, de ser o caso:

- O número de animais aos que lles provocase a morte.
- O número de animais sacrificados obrigatoriamente por parte da autoridade competente.
- O tempo de inmovilización da explotación.

O incumprimento das obrigas previstas, cando impida a adecuada valoración do risco ou das circunstancias e consecuencias do sinistro, suporá a perda do dereito á indemnización que lle puidese corresponder ao asegurado.

DÉCIMO SEGUNDA – DECLARACIÓN DE SINISTRO NO GANDO ASEGURADO

No caso de que o animal asegurado sexa vítima dunha morte cuberta, o tomador do seguro, asegurado ou beneficiario deberá comunicalo a AGROSEGURO no prazo de 24 horas, preferentemente por teléfono.

Indicaranse como mínimo os seguintes datos:

- O CIF/DNI do asegurado.
- O nome e apelidos do asegurado.
- O número de referencia da declaración do seguro individual ou aplicación.
- O número de identificación do animal.
- O lugar do sinistro.
- O momento no que comezou a causa que o orixina.
- A causa do sinistro.
- O número de teléfono de contacto para a peritaxe.

Así mesmo, deberá tomar todas as medidas necesarias para a conservación do animal ou dos seus restos, de forma que este estea, durante polo menos as 72 horas seguintes á notificación, á disposición de AGROSEGURO para unha eventual necropsia.

DÉCIMO TERCEIRA - FRANQUÍA

No caso de sinistro indemnizable por causa de raio, incendio ou inundación, quedará sempre a cargo do asegurado o 10 % dos danos. Para o resto das causas aplicaranse as seguintes franquías:

* **Franquía xeral:**

Para explotacións de tipo 1, 2, 3 e 4:..... 20 %

Para explotacións de tipo 5 e 6: 15 %

Para explotacións de tipo 7: 10 %

* **Declaracións de seguro con recarga entre 30 % e 50 %:30 %**

* **Declaracións de seguro con recarga superior ao 50 %:50 %**

En caso de sinistro indemnizable por febre aftosa non se aplicará ningún tipo de franquía.

DÉCIMO CUARTA - DETERMINACIÓN DO IMPORTE DA INDEMNIZACIÓN

Comunicado o acontecemento dun sinistro polo tomador do seguro ou o asegurado, na forma e prazos establecidos nas condicións xerais, AGROSEGURO procederá á inspección e taxación dos danos no prazo de 3 días, contados desde o momento da recepción da devandita comunicación en **AGROSEGURO, no seu domicilio social, c/ Gobelos, 23 – 28023 MADRID**. Exceptúanse os casos nos que exista un pacto expreso previo por escrito ante comunicacións de sinistro.

I) CÁLCULO DO VALOR INDEMNIZABLE DOS ANIMAIS POLA MORTE DE ANIMAIS POR CAUSA DISTINTA Á FEBRE AFTOSA

O cálculo da indemnización determinarase por cada animal sinistrado cuberto polas garantías do seguro e procederase do seguinte xeito:

1. Determinación do valor bruto para indemnizar: este valor será o menor entre o valor real do animal e o valor límite para os efectos da indemnización.
 - a) Valor real: valor do animal no momento inmediato anterior ao sinistro.
 - b) Valor límite máximo para os efectos da indemnización: determinarase en función do tipo de explotación:
 - Sistema de valoración I: Para explotacións de tipo 1, 2, 3, 4 e 7 o valor límite máximo para os efectos da indemnización determinarase multiplicando o menor entre o valor unitario escollido polo asegurado e o que lle correspondería ao tipo de conformación real do animal sinistrado pola porcentaxe correspondente á idade do animal no momento do sinistro e a súa conformación real, segundo a táboa do apéndice I.
 - Sistema de valoración II: Para explotacións de tipo 5 e 6
 - Para animais de idade igual ou inferior a 27 semanas: O valor límite para os efectos da indemnización determínase multiplicando o valor unitario pola porcentaxe correspondente á idade do animal no momento do sinistro e a súa conformación real, segundo a táboa do apéndice I.
 - Para animais maiores de 27 semanas de idade: O valor límite máximo para os efectos da indemnización calcúlase mediante a seguinte fórmula: $\text{valor límite máximo para os efectos de indemnización} = \text{valor unitario asegurado} + [(2,5 \times \text{valor unitario asegurado} / \text{valor unitario máximo asegurable}) \times \text{número de días na explotación con idade superior a 27 semanas}]$.
2. Ao valor bruto para indemnizar aplicaráselle a porcentaxe de cobertura e minorarase se procede (por infraseguro superior ao 7 % ou por contratación dun réxime de menor taxa que o real).
3. Aplicarase ao importe resultante a franquía que corresponda segundo a condición décimo terceira, e obterase así a indemnización neta que vai percibir o asegurado ou o beneficiario.

En ningún caso o valor límite máximo para os efectos da indemnización será maior de: [valor unitario asegurado + (2,5 x valor unitario asegurado/valor unitario máximo) x 147]

II) CÁLCULO DO VALOR INDEMNIZABLE DOS ANIMAIS POR FEBRE AFTOSA

No caso de sinistro indemnizable por morte ou sacrificio obrigado pola autoridade competente debido a un brote de febre aftosa, para o cálculo da compensación dos animais procederase do seguinte xeito:

1. Determinación da compensación bruta: determinarase multiplicando o valor unitario pola porcentaxe correspondente á idade do animal no momento do sinistro e a súa conformación real, segundo a táboa do apéndice II.
2. Ao importe que resulte aplicaráselle, se procede, minoración (por infraseguro superior ao 7 % ou por contratación dun réxime de menor taxa que o real). A cantidade resultante será a compensación neta que percibirá o asegurado ou o beneficiario.

III) CÁLCULO DO VALOR DE COMPENSACIÓN EN CASO DE INMOBILIZACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN POR FEBRE AFTOSA

No caso de sinistro indemnizable por inmovilización obrigada pola autoridade competente, ben por estar na zona de vixilancia ou protección respecto dun foco de febre aftosa ou ben como medida cautelara ante a súa sospeita, a compensación por animal calcularase do seguinte xeito:

1. Determinación da compensación bruta: determinarase multiplicando o número menor de entre os animais asegurados ou os animais reais da explotación polo valor de compensación previsto no apéndice III.
2. Ao importe que resulte aplicaráselle, se procede, minoración (por contratación dun réxime distinto do real, que supoña unha redución de prima). A cantidade resultante será a compensación neta que percibirá o asegurado ou o beneficiario.

IV) CÁLCULO DO VALOR DE COMPENSACIÓN NO CASO DE PERDA DE CUALIFICACIÓN POR SANEAMENTO:

Compensarase por cada animal e semana transcorrida, ata un máximo de 19 semanas, co 0,42 % do valor unitario dos animais escollido polo asegurado, considerando o censo na data de comunicación oficial de resultado positivo, ata a recuperación da cualificación.

En todos os casos:

Cando non coincidan o réxime real e o réxime asegurado, a cobertura, a franquía e o sistema de valoración que hai que aplicar serán os correspondentes ao réxime real.

Cando o réxime contratado sexa o 5 ou o 6 e o animal sinistrado non sexa de excelente conformación, aplicarase:

- O sistema de valoración I.
- A cobertura correspondente ao réxime contratado.
- A franquía correspondente aos réximes 1 ou 2, respectivamente.
- O valor unitario que se utilizará para os cálculos de valoración será o que se obtén mediante a seguinte fórmula: valor unitario que se debe aplicar = (valor unitario asegurado / valor unitario máximo asegurable para excelente conformación) x valor unitario máximo pertencente á conformación real.

Cando existan dúbidas sobre a idade do animal, prevalecerá a idade dentaria sobre a indicada no libro de rexistro de explotación e o DIB.

DÉCIMO QUINTA - CLASE ÚNICA

Para os efectos do establecido no artigo 4 do Regulamento para a aplicación da Lei 87/1978, sobre seguros agrarios combinados, considéranse clase única todas as explotacións de gando vacún de ceba industrial. En consecuencia, o gandeiro que subscriba este seguro **deberá incluír nel a totalidade dos animais desta clase que posúa no ámbito de aplicación do seguro.**

DÉCIMO SEXTA - CONDICIÓN TÉCNICAS MÍNIMAS DE EXPLOTACIÓN E MANEXO

Serán as establecidas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ademais das esixibles en cumprimento do Real decreto 2611/1996, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, e tamén as de protección dos animais do Real decreto 348/2000 e calquera outra norma sanitaria estatal ou autonómica en vigor.

No caso de deficiencia no cumprimento das condicións técnicas mínimas de manexo, o asegurador poderá reducir a indemnización en proporción á importancia dos danos dela derivados e ao grao de culpa do asegurado.

Se con motivo dunha inspección se detectase o incumprimento grave das condicións técnicas mínimas de explotación e manexo, o asegurado incorrerá en causa de suspensión de garantías, o que suporá a perda do dereito a indemnizacións para a súa explotación mentres non se corrixan esas deficiencias.

Do mesmo xeito, que o asegurado ou asegurados non faciliten o acceso á explotación e á documentación precisa, con motivo dunha inspección de comprobación do cumprimento das condicións técnicas mínimas, levará á perda do dereito ás indemnizacións da explotación afectada ata que non se verifique o seu cumprimento.

A reiteración de sinistros por unha mesma causa implicará a adopción das medidas de manexo necesarias para previr o seu acontecemento. AGROSEGURO comunicará a perda do dereito ás indemnizacións da explotación afectada se, unha vez notificadas, o asegurado non procede á súa inmediata aplicación.

DÉCIMO SÉTIMA - AXUSTES DE PRIMAS PARA SUCESIVAS CONTRATACIÓNS

- O gandeiro ou a explotación que leven tres plans sen contratar este seguro e accedan de novo a el farano como asegurados novos (sen bonificacións nin recargas).
- A prima que deberá pagar o gandeiro ou a súa explotación que:
 - Contraten por segunda vez esta modalidade de seguro de explotación ou
 - Renovasen no plan anterior tras polo menos tres plans sen contratarserá axustada conforme as bonificacións ou recargas que se especifican na seguinte táboa:

Coeficiente de indemnización a prima comercial neta (%)							
Ata 25	26 ao 40	41 ao 55	56 ao 70	71 ao 85	86 ao 100	101 ao 125	> do 125
Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	NEUTRO	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 50

- Nos casos nos que o gandeiro ou a súa explotación contraten por terceira ou sucesivas veces esta modalidade de seguro de explotación, a prima que deberá pagar axustarase conforme as bonificacións ou recargas que se especifican na táboa seguinte:

Condición anterior	Coeficiente de indemnización a prima comercial neta (%)							
	Ata 25	26 ao 40	41 ao 55	56 ao 70	71 ao 85	86 ao 100	101 ao 125	> de 125
Bonif. 50 %	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10
Bonif. 40 %	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO
Bonif. 30 %	Bonif. 50	Bonif. 50	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	NEUTRO
Bonif. 20 %	Bonif. 40	Bonif. 40	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20
Bonif. 10 %	Bonif. 30	Bonif. 30	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30
Neutro 0 %	Bonif. 20	Bonif. 20	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50
Recar. 10 %	Bonif. 10	Bonif. 10	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75
Recar. 20 %	NEUTRO	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100
Recar. 30 %	NEUTRO	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150
Recar. 50 %	Recar. 10	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150
Recar. 75 %	Recar. 20	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150
Recar. 100 %	Recar. 30	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150
Recar. 150 %	Recar. 50	Recar. 75	Recar. 100	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150	Recar. 150

- Onde:
 - Condición anterior: Bonificación ou recarga obtida tras a última contratación do seguro.
 - Coeficiente de indemnización a prima comercial neta (datos da serie deste seguro):
 - Base de cálculo: O período comprendido entre dous meses antes do vencemento da última póliza contratada ata dous meses antes do vencemento da póliza anterior á última contratada. Para os asegurados novos, a base de cálculo será o período comprendido desde a data de entrada en vigor do seguro ata dous meses antes do vencemento da póliza.
 - Indemnización: A suma de todas as indemnizacións aboadas no período indicado na base de cálculo.
 - Prima comercial neta: A prima comercial neta de bonificacións íntegra, incrementada coas recargas, se as houberse, do último seguro contratado. As modificacións de prima comercial neta fóra do período “base de cálculo” non se terán en conta.
 - O resultado de dividir a suma de indemnizacións antes calculadas pola prima comercial neta, multiplicado por 100, determinará o coeficiente da táboa (entrada de columna na táboa). **O arredondamento desta división hase facer ao enteiro inmediatamente inferior ou superior segundo a parte decimal do resultado do cálculo sexa inferior a 0,01 ou igual ou superior a esta cantidade, respectivamente.**

No caso de que nunha explotación con varios titulares a última contratación se efectuase con distintas pólizas e a consecuencia diso deriven diferentes bonificacións ou recargas, estas unificaranse tendo en conta a totalidade das primas e mais as indemnizacións. Se as declaracións tivesen diferente data de vencemento, estas unificaranse e AGROSEGURO devolverá a parte non consumida da prima correspondente, de ser o caso, ás pólizas non vencidas.

Cando en explotacións de varios titulares algún deles non asegurase nunca e o total de animais para asegurar sexa superior en polo menos un 25 % aos animais que tiveron asegurados na situación final da última contratación, o resultado do cálculo obtido, se fose recargado, mellorarase, levándoo ao estrato inmediatamente inferior. Se fose neutro ou bonificado non se modificará.

DÉCIMO OITAVA - CONDICIÓN PARTICULARES

As partes, de común acordo, poderán establecer condicións particulares nas que se modifiquen, adapten ou substitúan estas condicións especiais, e tamén a taxa de prima cando as citadas modificacións produzan unha variación do risco.

DÉCIMO NOVENA - CONSULTA E VERIFICACIÓN DA INFORMACIÓN

De acordo co disposto no artigo 11.2.c) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a subscrición do seguro implicará o consentimento do asegurado para que:

1. ENESA acceda á información necesaria contida na base de datos do Sistema integral de rastrexabilidade animal (cuxa sigla en castelán é SITRAN) para o cumprimento das funcións de verificación que ten atribuídas no marco deste seguro.
2. A Administración xeral do Estado autorice a Agroseguro o acceso á información necesaria contida na base de datos do Sistema integral de rastrexabilidade animal (cuxa sigla en castelán é SITRAN) para a valoración dos animais e da explotación asegurada, así como para o cumprimento das funcións de verificación que ten atribuídas no marco dos seguros agrarios combinados.
3. AGROSEGURO envíe a ENESA aquela información de carácter zosanitario que lle sexa requirida para facilitar o cumprimento das tarefas encomendadas ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, tanto en relación co control do desenvolvemento e aplicación do Plan de seguros agrarios como no que respecta á sanidade animal.
4. No marco do seguimento do resultado deste seguro, se AGROSEGURO detectase aumentos das mortalidades en taxas desproporcionadas en relación co censo ou capacidade declarada, ou sinistros masivos ou outras magnitudes que fagan sospeitar de enfermidade de declaración obrigatoria segundo o artigo 5 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, informará inmediatamente a ENESA para a súa comunicación á autoridade competente.

APÉNDICE I

VALOR LÍMITE PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN			
% sobre o valor unitario segundo idade e tipo de conformación			
IDADE DOS ANIMAIS NO MOMENTO DO SINISTRO EXPRESADA EN SEMANAS	Razas de aptitude cárnica de conformación excelente	Razas de aptitude cárnica de conformación normal	Razas de aptitude láctea
≥ 8 e ≤ 9	52 %	50 %	42 %
> 9 e ≤ 10	53 %	53 %	43 %
> 10 e ≤ 11	55 %	55 %	47 %
> 11 e ≤ 12	58 %	58 %	49 %
> 12 e ≤ 13	60 %	60 %	51 %
> 13 e ≤ 14	61 %	62 %	54 %
> 14 e ≤ 15	65 %	65 %	57 %
> 15 e ≤ 16	67 %	67 %	58 %
> 16 e ≤ 17	71 %	69 %	61 %
> 17 e ≤ 18	75 %	72 %	65 %
> 18 e ≤ 19	76 %	74 %	67 %
> 19 e ≤ 20	77 %	76 %	68 %
> 20 e ≤ 21	80 %	79 %	72 %
> 21 e ≤ 22	84 %	81 %	74 %
> 22 e ≤ 23	87 %	84 %	75 %
> 23 e ≤ 24	90 %	86 %	79 %
> 24 e ≤ 25	94 %	88 %	83 %
> 25 e ≤ 26	97 %	91 %	86 %
> 26 e ≤ 27	99 %	93 %	88 %
> 27 e ≤ 28	100 %	95 %	89 %
> 28 e ≤ 29	104 %	98 %	93 %
> 29 e ≤ 30	106 %	100 %	96 %
> 30 e ≤ 31	110 %	102 %	97 %
> 31 e ≤ 32	113 %	105 %	99 %
> 32 e ≤ 33	116 %	107 %	100 %

APÉNDICE I (continuación)

VALOR LÍMITE PARA OS EFECTOS DE INDEMNIZACIÓN			
% sobre o valor unitario segundo idade e tipo de conformación			
IDADE DOS ANIMAIS NO MOMENTO DO SINISTRO EXPRESADA EN SEMANAS	Razas de aptitude cárnica de conformación excelente	Razas de aptitude cárnica de conformación normal	Razas de aptitude láctea
> 33 e ≤ 34	120 %	110 %	104 %
> 34 e ≤ 35	123 %	112 %	107 %
> 35 e ≤ 36	126 %	114 %	108 %
> 36 e ≤ 37	129 %	117 %	110 %
> 37 e ≤ 38	133 %	119 %	111 %
> 38 e ≤ 39	135 %	121 %	114 %
> 39 e ≤ 40	139 %	124 %	116 %
> 40 e ≤ 41	143 %	126 %	118 %
> 41 e ≤ 42	149 %	128 %	122 %
> 42 e ≤ 43	152 %	131 %	124 %
> 43 e ≤ 44	155 %	133 %	125 %
> 44 e ≤ 45	158 %	135 %	127 %
> 45 e ≤ 46	165 %	138 %	128 %
> 46 e ≤ 47	168 %	140 %	133 %
> 47 e ≤ 48	175 %	144 %	135 %
> 48 e ≤ 49	175 %	149 %	136 %
> 49 e ≤ 50	175 %	153 %	138 %
> 50 e ≤ 51	175 %	157 %	139 %
> 51 e ≤ 52	175 %	162 %	143 %
> 52 e ≤ 53	175 %	166 %	147 %
> 53 e ≤ 54	175 %	171 %	150 %
> 54 e ≤ 55	175 %	175 %	153 %
> 55 e ≤ 56	175 %	180 %	158 %
> 56 e ≤ 57	175 %	180 %	161 %
> 57 e ≤ 58	175 %	180 %	164 %
> 58 e ≤ 59	175 %	180 %	167 %
> 59 e ≤ 60	175 %	180 %	172 %
> 60 e ≤ 61	175 %	180 %	175 %
> 61 e ≤ 62	175 %	180 %	178 %
> 62 e ≤ 63	175 %	180 %	182 %
> 63 e ≤ 64	175 %	180 %	182 %
> 64 e ≤ 65	175 %	180 %	182 %
> 65 e ≤ 66	175 %	180 %	182 %
> 66 e ≤ 67	175 %	180 %	182 %
> 67 e ≤ 68	175 %	180 %	182 %
>68 e ≤ 104	175 %	180 %	182 %

O valor límite máximo para os efectos de indemnización polos animais de conformación de "raza de lida" descrita na condición quinta establécese no 100 % do valor asegurado.

APÉNDICE II

COMPENSACIÓN POR MORTE OU SACRIFICIO POR FEBRE AFTOSA			
% sobre o valor unitario segundo idade e tipo de conformación			
IDADE DOS ANIMAIS NO MOMENTO DO SINISTRO EXPRESADA EN SEMANAS	Razas de aptitude cárnica de conformación excelente	Razas de aptitude cárnica de conformación normal	Razas de aptitude láctea
	Excelente	Normal	Láctea
≥ 8 e ≤ 9	10 %	10 %	10 %
> 9 e ≤ 10	10 %	10 %	10 %
> 10 e ≤ 11	10 %	10 %	10 %
> 11 e ≤ 12	10 %	10 %	10 %
> 12 e ≤ 13	10 %	10 %	10 %
> 13 e ≤ 14	10 %	10 %	10 %
> 14 e ≤ 15	10 %	10 %	10 %
> 15 e ≤ 16	10 %	10 %	10 %
> 16 e ≤ 17	10 %	10 %	10 %
> 17 e ≤ 18	10 %	10 %	10 %
> 18 e ≤ 19	10 %	10 %	10 %
> 19 e ≤ 20	10 %	10 %	10 %
> 20 e ≤ 21	10 %	10 %	10 %
> 21 e ≤ 22	12 %	10 %	10 %
> 22 e ≤ 23	15 %	10 %	10 %
> 23 e ≤ 24	18 %	10 %	10 %
> 24 e ≤ 25	22 %	10 %	10 %
> 25 e ≤ 26	25 %	10 %	10 %
> 26 e ≤ 27	27 %	10 %	10 %
> 27 e ≤ 28	28 %	10 %	10 %
> 28 e ≤ 29	32 %	12 %	10 %
> 29 e ≤ 30	34 %	14 %	10 %
> 30 e ≤ 31	38 %	16 %	10 %
> 31 e ≤ 32	41 %	19 %	10 %
> 32 e ≤ 33	44 %	21 %	10 %
> 33 e ≤ 34	48 %	24 %	10 %
> 34 e ≤ 35	51 %	26 %	10 %
> 35 e ≤ 36	54 %	28 %	11 %
> 36 e ≤ 37	57 %	31 %	13 %
> 37 e ≤ 38	61 %	33 %	14 %
> 38 e ≤ 39	63 %	35 %	17 %
> 39 e ≤ 40	67 %	38 %	19 %
> 40 e ≤ 41	71 %	40 %	21 %
> 41 e ≤ 42	76 %	42 %	25 %
> 42 e ≤ 43	76 %	45 %	27 %
> 43 e ≤ 44	76 %	47 %	28 %
> 44 e ≤ 45	76 %	49 %	30 %
> 45 e ≤ 46	76 %	52 %	31 %
> 46 e ≤ 47	76 %	54 %	36 %
> 47 e ≤ 48	76 %	58 %	38 %

APÉNDICE II (continuación)

COMPENSACIÓN POR MORTE OU SACRIFICIO POR FEBRE AFTOSA			
% sobre o valor unitario segundo idade e tipo de conformación			
IDADE DOS ANIMAIS NO MOMENTO DO SINISTRO EXPRESADA EN SEMANAS	Razas de aptitude cárnica de conformación excelente	Razas de aptitude cárnica de conformación normal	Razas de aptitude láctea
	Excelente	Normal	Láctea
> 48 e ≤ 49	76 %	61 %	39 %
> 49 e ≤ 50	76 %	61 %	41 %
> 50 e ≤ 51	76 %	61 %	5 %
> 51 e ≤ 52	76 %	61 %	9 %
> 52 e ≤ 53	76 %	61 %	13 %
> 53 e ≤ 54	76 %	61 %	16 %
> 54 e ≤ 55	76 %	61 %	19 %
> 55 e ≤ 56	76 %	61 %	24 %
> 56 e ≤ 57	76 %	61 %	27 %
> 57 e ≤ 58	76 %	61 %	30 %
> 58 e ≤ 59	76 %	61 %	33 %
> 59 e ≤ 60	76 %	61 %	38 %
> 60 e ≤ 61	76 %	61 %	41 %
> 61 e ≤ 62	76 %	61 %	44 %
> 62 e ≤ 63	76 %	61 %	48 %
> 63 e ≤ 64	76 %	61 %	48 %
> 64 e ≤ 65	76 %	61 %	48 %
> 65 e ≤ 66	76 %	61 %	48 %
> 66 e ≤ 67	76 %	61 %	48 %
> 67 e ≤ 68	76 %	61 %	48 %
>68 e ≤ 104	76 %	61 %	48 %

A compensación por morte ou sacrificio obrigatorio por febre aftosa para os animais de conformación de "raza de lida" descrita na condición quinta fíxase no 64 % do valor asegurado.

Para os efectos do seguro, para establecer a idade do animal contarase o número de semanas. Os días que non completen unha semana computarán como unha semana máis.

APÉNDICE III

VALORES DE COMPENSACIÓN NO CASO DE INMOBILIZACIÓN POR FEBRE AFTOSA EN €	
Para toda clase de animal	2,29 €/semana*

*** Cun período de inmovilización mínimo de 20 días completos. Superado ese período mínimo, compensarase por todos os días de inmovilización ata un máximo de 17 semanas por todo o período de vixencia da póliza.**

Expresións utilizadas nos apéndices:

O símbolo $>$ significa maior que

O símbolo \leq significa menor de ou igual a

O símbolo \geq significa maior de ou igual a

3.- NON PAGAMENTO

As fraccións entenderanse satisfeitas na data de emisión do recibo correspondente, salvo que, tentado o cobro, non existisen fondos suficientes na conta facilitada ou se producise a devolución do recibo por calquera causa non imputable a AGROSEGURO.

Non pagamento da primeira fracción. Regularase de acordo co disposto para a prima única nas condicións xerais e especiais. En todo caso, se non foi pagada antes de que se produza o sinistro, AGROSEGURO quedará totalmente liberada da súa obriga, salvo pacto en contra.

Non pagamento das fraccións seguintes. No caso de non pagamento dunha fracción, AGROSEGURO poderá optar entre anular a modalidade de pagamento fraccionado e esixir o total da prima pendente na data ou ben esixir só o importe do recibo non pagado. En ambos os casos, AGROSEGURO poderá compensar directamente esta débeda co importe dos sinistros pendentes de aboamento, aínda que se designase un beneficiario.

Se non fose posible a compensación de cando menos o total do recibo non pagado, por ser o saldo dos sinistros insuficiente, AGROSEGURO comunicarlle por escrito ao asegurado e tomador a falta de pagamento e indicarlle a posibilidade de aboar o importe nunha conta bancaria de AGROSEGURO cuxos datos se lle facilitarán no dito escrito.

De non producirse o dito pagamento, aos 30 días do vencemento AGROSEGURO tentará realizar unha nova compensación nos termos expostos. De non ser esta posible, transcorrido un mes desde o vencemento sen que tampouco se realizase o pagamento por ingreso, o seguro quedará automaticamente e sen necesidade de notificación ningunha en suspenso, e AGROSEGURO non se fará cargo dos sinistros que poidan ter lugar a partir dese momento.

Estando o contrato en suspenso, AGROSEGURO poderá resolvelo naqueles casos en que así llo comunique expresamente por escrito, unha vez recibida a notificación por esta circunstancia, quedando sempre as fraccións pagadas para AGROSEGURO. No non previsto expresamente neste documento aplicarase subsidiariamente o disposto para as primas sucesivas no artigo 15 da Lei do contrato de seguro.

A cobertura do seguro volverá ter efecto ás 24 horas do día en que se pague a correspondente fracción, sempre que non se resolvese previamente o contrato.

O non pagamento dunha fracción facultará a AGROSEGURO para denegar a posibilidade de acollerse a esta modalidade de pagamento en futuras contratacións.

4.- VENCEMENTO ANTICIPADO DA PRIMA PENDENTE

No caso de producirse un baleiro sanitario da explotación ou un sinistro de características similares, AGROSEGURO poderá declarar o vencemento e esixibilidade anticipada do total da prima pendente, e poderase deducir da indemnización ao seu cargo o importe necesario para cubrir o dito total.

5.- DURACIÓN DA SOLICITUDE

Deberase realizar unha nova solicitude con cada póliza contratada.

AGROSEGURO reserva para si expresamente o dereito de anular esta forma de pagamento para futuras contratacións.

6.- ALCANCE DESTA SOLICITUDE

Este documento unicamente modifica as condicións xerais e especiais nos aspectos que expresamente se establecen, e serán de plena aplicación as citadas condicións para todo o non previsto neste anexo.

Código interno de entidade

Plan _____ Liña _____ Cód. liña _____

Número de referencia de aplicación

Número de referencia de seguro colectivo

SOLICITUDE DE PAGAMENTO FRACCIONADO (POLO TOMADOR)

Só poderán acollerse a esta modalidade de pagamento aquelas declaracións de seguro cun custo da prima a cargo do tomador que sexa **igual ou superior a 600 €**.

Datos do tomador	
Nome e apelidos/Razón social:	NIF/CIF:
Datos do asegurado	
Nome e apelidos/Razón social:	NIF/CIF:
Enderezo electrónico:	Teléfono móbil:
CÓDIGO IBAN DA CONTA:	
E S	

Os asinantes **SOLICITAN** realizar o pagamento fraccionado da prima relativa á declaración de seguro citada de acordo coas seguintes

CONDICIÓ NS

1.- FORMALIZACIÓN DESTA SOLICITUDE

Para entender realizada esta solicitude será preciso presentar conxuntamente no momento da subscrición do seguro a presente solicitude como aceptación íntegra das condicións de fraccionamento.

2.- FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento da prima única **fraccionarase en tres pagamentos de igual importe**. No dito importe incluírase a parte correspondente á **recarga de fraccionamento** que supón esta modalidade de pagamento.

No caso de ter que **regularizar a prima**, os fraccionamentos pendentes de pagamento **recalcularanse de acordo co novo importe da prima** e a súa correspondente recarga.

Pagamento da primeira fracción. Será aboada **no momento mesmo da subscrición do seguro**, e seralle de aplicación o mesmo réxime previsto nas condicións xerais e especiais para o pagamento da prima única.

Pagamento das dúas seguintes fraccións. Os recibos correspondentes pasaranse ao cobro aos **90 e 210 días**, respectivamente, da data de entrada en vigor do seguro. O dito cobro realizarase mediante **domiciliación bancaria** na conta bancaria sinalada no presente documento, conta na que ademais **se realizarán os pagamentos dos posibles sinistros** e en xeral todas as operacións económicas derivadas do contrato de seguro.

3.- NON PAGAMENTO

As fraccións entenderanse satisfeitas na data de emisión do recibo correspondente, salvo que, tentado o cobro, non existisen fondos suficientes na conta facilitada ou se producise a devolución do recibo por calquera causa non imputable a AGROSEGURO.

Non pagamento da primeira fracción. Regularase de acordo co disposto para a prima única nas condicións xerais e especiais. En todo caso, se non foi pagada antes de que se produza o sinistro, AGROSEGURO quedará totalmente liberada da súa obriga, salvo pacto en contra.

Non pagamento das fraccións seguintes. No caso de non pagamento dunha fracción, AGROSEGURO poderá optar entre anular a modalidade de pagamento fraccionado e esixir o total da prima pendente na data ou ben esixir só o importe do recibo non pagado. En ambos os casos, AGROSEGURO poderá compensar directamente esta débeda co importe dos sinistros pendentes de aboamento, aínda que se designase un beneficiario.

Se non fose posible a compensación de cando menos o total do recibo non pagado, por ser o saldo dos sinistros insuficiente, AGROSEGURO comunicarlle por escrito ao tomador a falta de pagamento e indicarlle a posibilidade de aboar o importe nunha conta bancaria de AGROSEGURO cuxos datos se lle facilitarán no dito escrito.

De non producirse o dito pagamento, aos 30 días do vencemento AGROSEGURO tentará realizar unha nova compensación nos termos expostos. De non ser esta posible, transcorrido un mes desde o vencemento sen que tampouco se realizase o pagamento por ingreso, o seguro quedará automaticamente e sen necesidade de notificación ningunha en suspenso, e AGROSEGURO non se fará cargo dos sinistros que puídesen ter lugar a partir dese momento.

Estando o contrato en suspenso, AGROSEGURO poderá resolvelo naqueles casos en que así llo comunique expresamente por escrito, unha vez recibida a notificación por esta circunstancia, quedando sempre as fraccións pagadas para AGROSEGURO. No non previsto expresamente neste documento aplicarase subsidiariamente o disposto para as primas sucesivas no artigo 15 da Lei do contrato de seguro.

A cobertura do seguro volverá ter efecto ás 24 horas do día en que se pague a correspondente fracción, sempre que non se resolvese previamente o contrato.

O non pagamento dunha fracción facultará a AGROSEGURO para denegar a posibilidade de acollerse a esta modalidade de pagamento en futuras contratacións.

4.- VENCEMENTO ANTICIPADO DA PRIMA PENDENTE

No caso de producirse un baleiro sanitario da explotación ou un sinistro de características similares, AGROSEGURO poderá declarar o vencemento e esixibilidade anticipada do total da prima pendente, e poderase deducir da indemnización ao seu cargo o importe necesario para cubrir o dito total.

5.- DURACIÓN DA SOLICITUDE

Deberase realizar unha nova solicitude con cada póliza contratada.

AGROSEGURO reserva para si expresamente o dereito de anular esta forma de pagamento para futuras contratacións.

6.- ALCANCE DESTA SOLICITUDE

Este documento unicamente modifica as condicións xerais e especiais nos aspectos que expresamente se establecen, e serán de plena aplicación as citadas condicións para todo o non previsto neste anexo.

Código interno de entidade

CE-087/2015